

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 12 de febreiro de 2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal”, remitido pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):

“ANTECEDENTES

1. A Amtega remitiu, o 25.01.2013, o “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal” para a emisión do preceptivo informe.

Así mesmo, remítese a seguinte documentación:

- Memoria normativa
- Planos de información xeral
- Actuacións por provincias e as actuacións previstas
- Anexos

CONSIDERACIÓNS

1. Sométese a informe o citado plan ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 c do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as súas funcións a emisión de informe con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral.

Por acordo do Consello da Xunta do 12 de xullo de 2012 declárase de incidencia supramunicipal o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal, para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de

Galicia e polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2. Sinálanse como principais obxectivos perseguidos por este Plan:

a. Identificación de todas as infraestruturas existentes xestionadas por Retegal, previa análise da súa concreta situación urbanística e máis do papel que cumpren dende un punto de vista loxístico e tecnolóxico no conxunto da rede de infraestruturas terrestres existentes.

b. Establecemento das medidas necesarias para garantir a súa correcta integración na rede de telecomunicacións, xa fose preservando a súa actual localización ou, noutro caso, previndo unha nova situación máis acorde coas necesidades desa rede.

c. Valoración das necesidades de infraestruturas terrestres que, a curto e medio prazo, se detectan nas catro provincias que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

d. Localización das áreas territoriais máis deficitarias destas infraestruturas.

e. Localización dos distintos ámbitos de solo que haberán de ser reservados para a implantación de novas infraestruturas, a través dunha delimitación xeográfica realizada en función de criterios técnicos e obxectivos nos que se tiveron en conta todos aqueles parámetros susceptibles de condicionar a dita delimitación, tales como as características orográficas dos terreos, a súa situación urbanística, os servizos e accesos dispoñibles, o impacto visual paisaxístico dos futuros emprazamentos, as afeccións derivadas das normativas sectoriais de aplicación, os radios de recepción das frecuencias emitidas polos centros emisores, os asentamentos poboacionais existentes, etc.

f. Programación dos investimentos necesarios, de acordo cun estudo económico xustificativo da viabilidade das intervencións propostas.

g. Favorecer a compartición das infraestruturas con outros operadores públicos ou privados

3. Galicia atópase, neste momento, inmersa nun importante proceso de desenvolvemento no ámbito das telecomunicacións e da Sociedade da Información.

Esta aposta iníciase co Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 (2020), posto en marcha polo Goberno autonómico, e materialízase en diversos instrumentos, entre os que se atopa o Plan de Banda Larga de Galicia 2010-2013. Unha das principais liñas estratéxicas do citado Plan é o “Desenvolvemento de infraestruturas”, que ten por obxecto desenvolver unha rede de infraestrutura de telecomunicacións moderna e sustentable, acorde ás necesidades de Galicia e aos requirimentos do actual desenvolvemento tecnolóxico, que atendendo ao criterio de vertebración territorial e cohesión social, garanta a cidadáns e empresas o seu dereito aos servizos avanzados da Sociedade da Información.

Dentro da mencionada liña, atópase a área de actuación AA1.2 que ten por obxecto a potenciación das infraestruturas públicas de telecomunicación. Nesta área preténdese impulsar ao operador público Redes de Telecomunicación Galegas Retegal SA (RETEGAL), de tal forma que o mesmo teña un rol relevante no despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións mediante a utilización compartida dos seus centros e emplacements polos distintos operadores privados para axilizar e optimizar o desenvolvemento de novas redes de comunicación.

4. No Plan agora examinado, inclúense as infraestruturas de telecomunicacións *existentes* (184), aquelas outras *previstas definidas* (16) isto é, que contan cunha localización determinada, e finalmente as *áreas de situación preferente para a localización de infraestruturas previstas*.

5. As infraestruturas de telecomunicación implican tres tipos de impactos concorrentes desde o punto de vista da afección ao turismo: accesos, a instalación e a convivencia con outros recursos. Polas súas características habituais sitúanse en puntos xeodéxicos, outeiros ou montes que permitan a súa función máis eficiente, polo que manifestan a súa presenza sobre o territorio de maneira evidente. Este impacto pode ser negativo desde a perspectiva da preservación da paisaxe como recurso turístico, non obstante unha actuación arquitectónica ou de deseño coidada pode incluso aportar un novo valor turístico ao espazo e á paisaxe. Os espazos singulares que ocupan e os seus accesos, que permitirán chegar a lugares aos que ata o momento non era posible acceder, poden converter en punto de interese turístico os lugares de situación das distintas antenas, polo que unha actuación ordenada e respectuosa terá un

impacto incluso positivo sobre o turismo. En definitiva deben preservarse os seguintes aspectos: adecuación e restauración do entorno, conservación e mantemento da instalación e accesos, minimización do impacto do tendido eléctrico e harmonización de usos en lugares estratéxicos de especial afluencia turística ou simbólicos, nos que conflúen instalacións, recursos ou infraestruturas turísticas.

6. O sector turístico é un sector esencial para a economía da nosa Comunidade autónoma, de xeito que se reforza coa mellora nas infraestruturas de telecomunicacións, que mellora a calidade dos servizos prestados polos distintos operadores, logrando un sector máis competitivo.

A mellora nas infraestruturas de telecomunicacións que se producirá coa posta en marcha deste Plan sectorial, permitirá o acceso á banda larga en lugares principalmente localizados no entorno rural, nos que ata o de agora non era posible. Dáse así cumprimento á demanda do sector turístico que ten nas novas tecnoloxías unha ferramenta esencial de promoción e comercialización dos seus produtos.

Así mesmo o plan contribúe a reforzar a aposta que dende o sector turístico se esta a facer polo uso das novas tecnoloxías e permitirá un mellor acceso dos visitantes da nosa comunidade ás fontes de información e comunicación turística que están á súa disposición a través a utilización de dispositivos electrónicos.

7. Aínda constituíndo un factor positivo, será necesario que na instalación das novas infraestruturas se controle o efecto negativo que pode supoñer unha localización destas que non teña en conta o impacto ambiental, paisaxístico e a afectación ás zonas especialmente sensibles por ser puntos de interese turístico.

Para isto, na instalación destas novas infraestruturas quedan salvagardados os impactos ambiental e paisaxístico, así coma o patrimonial, coa solicitude dos informes que resultan preceptivos nesta materia dos órganos competentes da Administración autonómica. Entre estes informes sinalar os que se detallan a continuación:

- informe favorable e vinculante da Consellería de Cultura, no caso de afectar a bens inmobles catalogados, de conformidade co disposto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia;
- informe preceptivo e vinculante da Consellería de Agricultura cando afecten a espazos naturais que non estean en réxime de protección xeral, Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural en réxime de protección xeral;
- cando afecten a un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. O dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados, protectores e terreos rústicos de especial protección forestal, Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia;
- informe de impacto e integración paisaxística dentro dos procedementos de declaración e avaliación do impacto ambiental, informe que resultará integrado na correspondente declaración de impacto ambiental, e que será emitido pola consellería competente en materia de medio ambiente, Lei 7/2008, do 7 de xullo, do paisaxe de Galicia.

8. É necesario facer fincapé na conservación adecuada das instalacións existentes e das futuras.

9. Contempla o Plan sectorial en relación ás infraestruturas existentes un obxectivo de mantemento destas, introducindo un marco regulatorio que permita verificar e regularizar o concreto estado de implantación daquelas, programando con carácter xeral a súa ordenación e mantemento, xa que logo as propias Directrices de Ordenación do Territorio contemplaron este obxectivo como unha actuación preferente da política territorial desta Comunidade Autónoma coa finalidade de garantirlle, tanto á cidadanía como ás empresas que conforman o tecido industrial, a súa integración efectiva nunha Sociedade da información e de coñecemento.

Nembargantes, tal obxectivo non resulta por si mesmo incompatible coa posibilidade de que o propio Plan prevea, nalgún caso concreto, a eliminación ou substitucións das instalacións que se atopen obsoletas ou que non resulten funcionalmente operativas, e sempre de acordo cunha

planificación temporal que permita acometer o seu proceso de desmantelamento dun xeito ordenado e progresivo.

En relación ás infraestruturas non operativas ou obsoletas, tanto existentes coma as que se leven a cabo en desenvolvemento do presente Plan, debe sinalarse a necesidade do seu desmantelamento de xeito que se respecte o ámbito natural no que foron instaladas, e se devolva ao seu estado inicial.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal”.